

# Spinus spinus (Linnaeus, 1758)

	úbalo
	jilguero lúgano
	tarína
	lluer
	eurasian siskin
	lugre



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Fringillidae	<i>Spinus</i>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	13,5 g
<b>Lonxitude</b>	12 cm
<b>Envergadura</b>	20-23 cm

## ALIMENTACIÓN

Sementes de diversas árbores e herbáceas, así como insectos no período reprodutor.

## COMPORTEAMENTO

Entre ambos membros da parella constrúen un niño moi elaborado con ramiñas, liques e lá e acolchado con raíces e plumas.

## REPRODUCCIÓN

Celo dende abril. Pode ter ata dúas postas, de 3-5 ovos de cor azul pálido con pintas de ocre a púrpura, que a femia incuba durante 11-14 días.

## HÁBITAT

Masas forestais de piñeiros, abetos e faias. En inverno, en formacións de ribeira.

## DISTRIBUCIÓN

Europa occidental, dende as illas británicas ata Rusia e dende Escandinavia ata o norte de Marrocos e Exipto. Tamén aparece na metade norte de China oriental en primavera e en Indochina en inverno.

## CURIOSIDADES

Móvese entre as ramas con soltura, incluso chega a colgarse das puntas como as aves da familia Paridae para chegar ás xemas tenras. Mantéñense en contacto mediante reclamos curtos e suaves.

Dependen en grande medida das sementes de piceas en período reprodutor: se o ano é bo, poden existir varias postas. En verán depende das sementes de bidueiros: se non hai abundancia, as poboacións europeas migran cara o sur .